BASES I CONCURSO DE FOTOGRAFIA JOSÉ GESTAL "CARDOÑA"

A Asociación Cultural Cultura Aberta de Carral convoca o I Concurso de fotografía José Gestal "Cardoña".

Este concurso contempla entre os seus obxectivos reivindicar a figura e obra do fotógrafo José Gestal "Cardoña", fotógrafo histórico, representativo de toda unha época da cultura galega

As temáticas deste concurso serán: **retrato**, **reportaxe, documentalismo** e **tradición**.

1.- Pode participar calquera profesional ou afeccionado/a maior de 18 anos.

2.- Cada participante pode presentar un máximo de **4 fotografías**.
Non se admitirán fotografías que recibiran premios anteriormente neste ou en calquera outro concurso.

3.- TÉCNICA
Fica á **libre** escolla das persoas participantes o tipo de técnica a empregar (analóxica ou dixital) e a modalidade, branco e negro ou cor.

4.- TAMAÑO
As fotografías deberán ter un tamaño mínimo de 18 cm no seu lado menor e non poderán superar os 40 cm en ningún dos seus lados.
Tamén será obrigatorio presentar o arquivo dixital das fotografías nunha memoria USB, cunha resolución mínima de 3000 píxeles no lado menor.

5.- PRESENTACIÓN
As obras presentaranse baixo o sistema de plica.

Nun sobre (protexido con algún tipo de soporte ríxido, coidando que non se altere a superficie e non sufra danos) incluiranse:

- a/as fotografía/s co título e seudónimo da persoa autora por detrás
- outro sobre totalmente pechado que teña no seu exterior exclusivamente o seudónimo. Este sobre pechado conterá a seguinte documentación: fotocopia do DNI, datos do participante (nome, enderezo, teléfono, e-mail, seudónimo utilizado para presentar a fotografía e a declaración responsábel cuberta (Anexo I das bases), e memoria USB co arquivo dixital das fotografías.

6.- A persoa que se presenta garante que é o único/a autor/a da(s) fotografía(s) e é titular de tódolos dereitos de autor/a sobre as mesmas. A persoa participante declara e garante que dispón das autorizacións necesarias cando legalmente sexan esixibles. En todo caso, calquera reclamación neste senso será sempre contra o/a autor/a das fotografías, eximindo á organización da devandita responsabilidade. Cultura Aberta non se fará responsábel das posíbeis denuncias por plaxio ou eventualidade semellante que puidesen xurdir, recaendo na persoa participante afectada as accións

legais que procedan e asumindo, se é o caso, as indemnizacións que poideran corresponder polos prexuízos ocasionados a particulares ou á organización.

As persoas participantes terán a obriga de comunicarlle a Cultura Aberta de xeito fidedigno a concesión de calquera premio que obteña a obra presentada, no intre en que esta situación se produza, o que dará lugar á súa exclusión do concurso.

7.- Ficarán automaticamente fóra de concurso aquelas fotografías que leven sinatura ou calquera outra marca identificativa. Cada obra deberá levar o título na parte traseira, seguido do seudónimo do/a concursante. Este seudónimo non pode ser identificativo da persoa, en especial non está permitido utilizar o alcume polo que se lle coñece na súa contorna.

8.- ENDEREZO DE ENVÍO
As imaxes presentaranse en sobre pechado na:

Casa da Cultura de Carral
Rúa Paleo nº 17
15175 Carral, A Coruña

Teléfono de contacto **981672580**
Pode ser en persoa ou por correo postal.

A organización establecerá outros puntos de recollida na provincia da Coruña que serán comunicados a través da web oficial e das redes sociais da asociación para facilitar deste xeito a participación no concurso.
www.culturaaberta.gal

9.- DATA LÍMITE
A data límite de presentación é o día **15 de decembro de 2026**.

10.- PREMIOS
Outorgaranse catro premios que estarán suxeitos á
preceptiva retención fiscal. O pagamento dos mesmos faceráse por transferencia bancaria.
Os premios serán os seguintes:
1º premio: 1.000 euros
2º premio: 400 euros
3º premio: 200 euros
4º premio especial para fotografías feitas no Concello de Carral,coa mesma temática do concurso. Patrocinado por CELEBRA CON OLIVIA cun valor económico de 200 euros.

O xurado poderá outorgar mencións honoríficas sen valor económico, atendendo á calidade das obras.

11.- O xurado estará composto por persoal cualificado en fotografía. O concurso poderá declarar deserto algún dos premios. O fallo do xurado será inapelábel no relativo á valoración artística das obras. Poderán presentarse alegacións exclusivamente por posibles incumprimentos das presentes

bases…

12.- Entre todas as obras presentadas o xurado escollerá entre 25 e 50 fotografías, que pasarán a formar parte da exposición do concurso que se celebrará no Concello de Carral, sendo inaugurada o día da entrega de premios desta I edición.

13.- O **fallo provisional** do xurado será o **20 de Febreiro de 2027**. Estabelecese un período de dez días desde a decisión do xurado para presentar alegacións por incumprimento das bases. O **fallo difinitivo** faráse público o **2 de Marzo de 2027**

O título do traballo gañador e o nome e apelidos do autor/a daranse a coñecer mediante unha comunicación persoal ao autor/a, así como na web e nas redes sociais de Cultura Aberta e envío de nova de prensa aos medios de comunicación.

14.- As fotografías premiadas e seleccionadas para a exposición posterior enténdense cedidas á organización sempre sen fins lucrativos, autorizando os dereitos de reprodución, comunicación pública, exposición, publicación na web e redes sociais, materiais promocionais, catálogos etc. para calquera acto promocional ou expositivo relacionado co Premio José Gestal "Cardoña" de Fotografía en calquera das súas edicións. Pola súa parte a organización garante que a autoría será sempre recoñecida; os dereitos morais permanecen na persoa autora; a autorización é non exclusiva; non permite usos comerciais alleos ao concurso

15.- As fotografías non premiadas, nin escollidas para a exposición poderán ser recollidas na Casa da Cultura de Carral, ou no local da Asociación Cultural Cultura Aberta, por parte da persoa autora, ou persoa na que delegue. **Previamente, deberá presentarse unha solicitude para a súa recollida ao traverso do envío dun correo electrónico ao enderezo:** **concursofotojosegestalcar@culturaaberta.gal** por parte da persoa titular da fotografía, facendo constar o seu nome completo, (no caso de delegación tamén da persoa na que delega), nome da fotografía, e adxuntando unha copia do DNI. Cada email será respostado sinalando dende que día pode pasar a recollerse.
En ningún caso a organización enviará por correo as fotografías que non resulten premiadas ou escollidas para a exposición. O prazo para recollelas é até o 31 de Agosto de 2027. As que non sexan recollidas ficarán a disposición do uso que desexe darlle a Asociación Cultural Cultura Aberta, sempre que sexa sen ánimo de lucro e co permiso previo das persoas autoras. Transcorrido o prazo estabelecido sen que as fotografías fosen retiradas, a organización poderá proceder á destrución das copias físicas. Calquera outro uso requirirá a autorización previa da persoa autora

A presentación de traballos neste concurso supón a aceptación íntegra das presentes bases. O incumprimento dalgún dos apartados nas mesmas levarían implícita a exclusión do concurso da obra presentada.

Para calquera dúbida pódense poñer en contacto coa organización do concurso no seguinte enderezo electrónico: concursofotojosegestalcar@culturaaberta.gal
ou ben nos teléfonos **634 41 00 50** - **636 32 64 25**, ou **624 22 79 71**

Carral, 11 de Setembro de 2026

PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Responsable do tratamento: Asociación Cultural Cultura Aberta de Carral, con domicilio na Rúa da Fraga nº 8, CP 15175, Carral (A Coruña), e correo electrónico culturaaberta@culturaaberta.gal.

Finalidade: Os datos persoais facilitados polas persoas participantes serán tratados exclusivamente para xestionar a súa participación no concurso fotográfico, incluíndo a recepción e valoración das obras, a comunicación coas persoas participantes, a xestión e publicación dos resultados, a entrega de premios e o cumprimento das obrigas legais derivadas da organización do certame.

Base xurídica: O tratamento dos datos baséase na participación voluntaria no concurso e na aceptación das súas bases, así como no cumprimento das obrigas legais que resulten aplicables. Cando algún tratamento requira consentimento específico, este será solicitado expresamente e poderá ser retirado en calquera intre.

Conservación dos datos: Os datos conservaranse durante o tempo necesario para a organización e desenvolvemento do concurso e, posteriormente, durante os prazos esixidos pola normativa aplicábel para atender posibles responsabilidades legais. Transcorridos estes prazos, serán eliminados ou anonimizados.

Destinatarios: Os datos non serán comunicados a terceiros agás cando resulte necesario para a organización e resolución do concurso, exista unha obriga legal ou se conte coa autorización da persoa interesada. Poderán ter acceso aos datos os provedores que presten servizos á Asociación, baixo as correspondentes garantías legais.

Publicación de resultados: A identidade das persoas premiadas poderá ser publicada nos medios de comunicación, páxina web, redes sociais e demais canles utilizadas pola Asociación para informar e difundir o concurso, nos termos estabelecidos nas bases.

Dereitos: As persoas participantes poderán exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e, cando proceda, portabilidade, dirixíndose á Asociación Cultural Cultura Aberta de Carral no enderezo indicado ou mediante o correo electrónico culturaaberta@culturaaberta.gal.

Así mesmo, poderán presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD) se consideran que o tratamento dos seus datos vulnera a normativa vixente.

O tratamento dos datos realizarase de conformidade co Regulamento (UE) 2016/679 (RGPD) e coa Lei Orgánica 3/2018, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

ANEXO I

BASES DO I CONCURSO DE FOTOGRAFÍA JOSÉ GESTAL "CARDOÑA"

DECLARACIÓN RESPONSÁBEL DE CUMPRIMENTO DAS BASES DO CONCURSO

Eu……
, con nº DNI ou PASAPORTE……
e enderezo en ……

DECLARO QUE

1º) A fotografía ou fotografías que presento ao concurso son da miña autoría e teño tódolos dereitos inherentes ás mesmas xa que non están transferidos a unha terceira persoa física ou xurídica.

2º) En caso de aparecer persoas nas imaxes, confirmo que teño o seu permiso para presentar a fotografía ou fotografías ao Concurso fotográfico José Gestal "Cardoña".

3º) Acepto as bases do concurso na súa totalidade

4º) A fotografía ou fotografías que presento non foron premiadas previamente en ningún outro concurso. En caso de resultar premiadas nalgún outro concurso ou certame no periodo previo á resolución do I Premio de Fotografía José Gestal "Cardoña", comprométome a comunicalo á organización por escrito enviando un correo electrónico a concursofotojosegestalcar@culturaaberta.gal

5º) No caso de participar no premio especial á fotografía feita no Concello de Carral, deberase indicar aquí ……

E para que conste a tódolos efectos oportunos asínoo en ……. a día …….

Sinatura